



## NOTA DE PRENSA

O domingo día 15 inaugurarase a 2ª fase das rutas cicloturísticas do municipio

**As Concellerías de Turismo e Medio Ambiente do Concello de Boiro organizan o 4º concurso de fotografía “Os habitantes da praia”**

**Boiro, 05 de agosto de 2010.** As concellerías de Turismo e Medio Ambiente do Concello de Boiro celebran esta fin de semana (14 e 15 agosto) o 4ª concurso de fotografía “os habitantes da praia” na praia de Barraña (ao carón das pistas deportivas).

Calquera persoa interesada, sexa profesional o afeccionada pode participar.

+ info: Oficina de Turismo no 981842654 ou [turismo@boiro.org](mailto:turismo@boiro.org)

NOTA: Achégovos as bases do concurso na seguinte páxina

### **Inauguración da 2ª fase das rutas cicloturísticas de Boiro**

Por outra banda, infórmovos que **o domingo 15 de agosto ás 09:30 h da mañá** se inaugurará a 2ª fase das rutas cicloturísticas de Boiro. Un grupo de afeccionados, organizados por Daniel Ríos sairán da Praza de Galicia para probar unha destas novas rutas. O acto contará coa asistencia do Alcalde, Xosé Deira Triñanes, e da concelleira de Turismo, Francisca Suárez Lijó.

**Saúdos. Gabinete de prensa do Concello de Boiro.**

# CONCURSO DE FOTOGRAFÍA “Os Habitantes da praia”

## Participantes

Calquera persoa interesada, sexa profesional ou afeccionada á fotografía

**Tema** As praias de Boiro e o seu entorno

**Categorías** A- escenas e situacións da xente na praia (xogos infantís, deportes, xantar, baños, ...)

B- natureza (paisaxes, animais, plantas, ...)

C- denuncia medioambiental (obxectos atopados na area, residuos, vertidos na auga, ...)

**Obras** Cada participante deberá presentar 3 fotografías, unha por cada categoría (A-B-C) : orixinais, inéditas e non premiadas en concursos anteriores.

**Formato** Medida tamaño A4 (20x30 cm aproximadamente)

## Técnica

Técnica libre en papel fotográfico. En cor ou branco e negro (en todas as súas variantes). Admitiranse retoques dixitais que non manipulen o senso da imaxe.

## Presentación

En papel fotográfico e tamaño A4.

No reverso da fotografía poñerase unha lenda que identificará o sobre pechado cos datos persoais do autor ou autora: enderezo, teléfono.

No mesmo reverso cada fotografía deberá, ademais, levar un título e indicación da categoría a que pertence (A, B, C).

## Lugar e prazo de presentación

As fotografías deberán entregarse a organización entre as 17:00h. e as 18:30h. do sábado 14 de agosto xunto o campo de volei da praia de barraña

## Xurado

O xurado será seleccionado pola organización do concurso entre persoas cualificadas para exercer esta función.

O fallo do xurado poderá declarar desertos ou compartidos algún ou todos os premios, así como outorgar mencións especiais se o estimase oportuno.

## Premios

Establécense os seguintes premios as mellores coleccións de 3 fotografías nas 3 categorías:

- 1º premio - Cámara dixital 2º premio 75 € 3º premio 50 € (en vales de compra)

**Exposición** Mostra fotográfica o aire libre dos premios e unha selección das obras o domingo 15 de agosto no paseo de praia Xardín.

## Propiedade das obras

As fotografías premiadas quedarán en propiedade do Concello de Boiro. As non premiadas deberán recollerse a partir da clausura do concurso. O Concello de Boiro reservarase o dereito de exposición, reprodución e calquera outro uso non comercial e sempre relacionado coa promoción da cultura e o deporte, das imaxes premiadas no concurso, citando sempre o nome do autor.

Os participantes responsabilízanse de que non existan dereitos a terceiros nas obras presentadas, así como de toda reclamación por dereitos de imaxe. En calquera caso, a organización do concurso queda eximida de posibles conflitos de publicación ou utilización das obras presentadas e dos que poidan derivarse.

## Consideracións finais

O xurado será competente para resolver calquera circunstancia non prevista nas bases.

A participación neste concurso implica a aceptación íntegra das súas bases

